

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21 DE NOVEMBRO DE 2022

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00051747M.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta correspondente á seguinte sesión:

- Extraordinaria-urxente de data 8 de novembro de 2022.

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/430/2008.**

#### **Aceptar cesión de viario formalizada en escritura pública co número de protocolo 2112. (LIC/430/2008).**

Acórdase aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 13 de outubro de 2008 , outorgada ante Notario co número de protocolo 2112.

Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041363K.**

#### **Aceptar cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción de vivenda familiar en LG Vilasuso, s/n.**

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 23 de xullo de 2021, outorgada ante o Notario Francisco López Moledo , co número de protocolo 2112.  
Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 29/07/2021 e a documentación técnica presentada o 02/05/2022, a construción dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Vilasuso s/n, Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 80.000,00 €.

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00040841R.**

#### **Licenza de obras de demolición para desmantelamento de maquinaria no Lugar de Formarís, 60.**

Acórdase CONCEDER a FINANCIERA MADERERA, S.A. licenza de OBRAS de demolición para desmantelamento de maquinaria no LUGAR DE FORMARÍS, segundo Memoria técnica, cun orzamento de execución material de 66.466,39 €.

As obras consistirán demolición de tabiques interiores en nave industrial e bancadas de formigón para apoio de maquinaria industrial, quedando a nave diáfana. A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do mesmo Plan.

### **5. XESTIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E PRIVADOS. Referencia: 2021/00048166Q.**

#### **Licenza de obras de ampliación e reforma de supermercado na rúa Alfredo Brañas, 23.**

Acórdase CONCEDER a DISTRIBUCIONES FROIZ SA., licenza de OBRAS DE AMPLIACIÓN E REFORMA de local destinado a supermercado na RÚA ALFREDO BRAÑAS, 23, segundo Proxecto básico e de execución e anexos de data 14/03/2022, 20/06/2022 cun orzamento de execución material de 281.413,20 €.

As actuacións consistirán en OBRAS DE ACONDICIONAMENTO dun local de planta baixa para destinar a supermercado cunha superficie útil de 1.359,31 m2.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 1 do Ensanche do PXOM.

**6. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00024873H.**

**Licenza de obra nova para construción de nave destinada a venda e almacenaxe de pezas de reposto na Rúa Castela e León, 15.**

Acórdase CONCEDER licenza de OBRA NOVA para a construción de nave destinada a venda e almacenamento de pezas de recambio na RUA CASTELA E LEON (DE), 15, segundo Proxecto técnico con visado colexial de data 10/05/2022, cun orzamento de execución material de 176.379,23 € e anexos de data baixo a dirección de obra do proxectista.

As obras consistirán na execución dunha nave de planta baixa, cunha ocupación de 900 m<sup>2</sup>, superficie útil de 867,30 m<sup>2</sup>) e altura de 10 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbanizable no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 1. Edificación adosada. Variante 1A do Plan sectorial da Sionlla.

**7. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: 2022/00051551Q.**

**Aprobación proxecto construtivo “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 1 (t.m. de Santiago de Compostela)”.**

Apróbase o proxecto construtivo de data 04/11/2022 da obra de “Acondicionamento do trazado de ferrocarril en desuso Santiago de Compostela-Cerceda para uso como Vía Verde de Compostela-Tambre-Lengüelle / Tramo 1 (t.m.de Santiago de Compostela que ten as seguintes características:

☑ Orzamento das obras: 658.484,78 € + 138.281,80 € de IVE (21%) = 796.766,58 €.

☑ Prazo de execución: 6 meses.

**8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/102/2014.**

**Aprobación do proxecto de “Mellora dos accesos á Almaciga, tramo da rúa Pastoriza”**

Apróbase o proxecto técnico actualizado de “MELLORA DO ACCESO Á ALMÁCIGA. TRAMO PASTORIZA” coas seguintes condicións:

O orzamento máximo de licitación é de 274.161,81 € + 57.573,98 € de IVE (21%) = 331.735,79 €.

O prazo de execución é de 4 meses (88 días hábiles). Este prazo establececese ó marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, a vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactaran os novos prazos correspondentes coherentemente cós tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

A clasificación do contratista é G-6-2 ou alternativamente C-6-2.

**9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00051747M.**

**Declaración de ausencia de conflicto de intereses en expediente de contratación/subvencions.**

Acordo:

Os membros presentes da Xunta de Goberno Local declaran:

*Expediente: 2022/37377X. CONTRATO: "Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliar de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU".*

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación arriba referenciado, os membros da Xunta de Goberno Local, como participantes no proceso de preparación e tramitación do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopan incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se comprometen a por en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñecen que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa carrexará as consecuencias disciplinarias, administrativas e/ou xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

**10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00037377X.**

**Adxudicación do contrato de Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliaria de biorresiduos e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a *Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliaria de biorresiduos e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU* á empresa ALQUI-ENVAS SL que oferta unha porcentaxe de baixa económica do 38,5% sobre o orzamento máximo de licitación, por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo comprométese:

- A entregar os bens a subministrar nun prazo máximo de 25 días.
- A subcontratar para a colocación de adhesivos informativos nos cubos domésticos a Centros Especiais de Emprego sen ánimo de lucro ou de iniciativa social ou empresas de inserción social.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **88.431,64 €** con cargo á aplicación orzamentaria do ano 2022: 020 16210 6230001 (Código de proxecto: 2022 2 BIORE 44 1).

**11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00044087P.**

**Adxudicación do servizo de "Estudo sobre a memoria do barrio" (LOTE 1) e do servizo "Análise da madurez comercial dos barrios de Compostela e das dificultades individuais de acceso ao emprendemento entre colectivos máis sensibles" (LOTE 2) no marco da EDUSI "REVIVE SANTIAGO" cofinanciada nun 80% polo FEDER.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar os lotes do contrato do expediente "Servicios de estudo sobre a memoria do Barrio" (Lote 1) e dun Servizo de "Análise da madurez comercial dos barrios de Compostela e das dificultades individuais de acceso ao emprendemento entre colectivos máis sensibles" (Lote 2) no marco da EDUSI "REVIVE SANTIAGO" cofinanciada nun 80% polo FEDER" aos seguintes licitadores ao propoñeren a mellor oferta en cadanseu lote:

- LOTE I. Estudo sobre a memoria do Barrio: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA que presentou unha oferta económica de **13.310 €** (base imponible de 11.000,00 €, máis IVE do 21% polo importe de 2.310,00 €).
- LOTE II. Análise da madurez comercial dos barrios de Compostela e das dificultades individuais de acceso ao emprendemento entre colectivos máis sensibles: BUSINESS FACTORY SL que presentou a mellor oferta cunha proposición económica de **35.304,17 €** (base imponible de 29.177,00 € máis IVE do 21% polo importe de 6.127,17 €).

Ademais, BUSINESS FACTORY SL comprométese a realización de 5 focus group adicionais por riba do número mínimo requirido polo prego de prescricións técnicas e comprométese a destinar un 1% do orzamento base de licitación á conciliación de persoas adscritas á execución do contrato.

O seguimento deste contrato correspóndelle ao departamento municipal de Promoción Económica

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de **48.614,17 €** con cargo á aplicación 030 43300 2269900 (código de proxecto: 2017 3 EDUSI 1 1) dos orzamentos municipais de 2022.

**12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056840L.**

**Adxudicación da “Subministración de roupa do vestiario de parque para o servizo de extinción de incendios e salvamento”.**

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “*Subministración de roupa do vestiario de parque para o servizo de extinción de incendios e salvamento*”, á empresa a ALLWORK VESTUARIO LABORAL S.L por un importe total de **49.758,83 €** (Base imponible de 41.123,00 € máis IVE do 21% polo importe de 8.635,83 €), por axustarse a súa oferta aos requisitos exixidos nos pregos.

ALLWORK VESTUARIO LABORAL S.L comprométese a ampliar o prazo de garantía nun ano sobre o mínimo legal.

O seguimento deste contrato correspóndelle ao departamento municipal de Extinción de Incendios e Salvamento.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 49.758,83 € con cargo á aplicación 060 13600 2210400 BOMBEIROS.VESTIARIO dos orzamentos municipais de 2022.

**13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034440V.**

**Subsanación de erro no acordo da sesión do 07/11/2022, relativo a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa Dumez, Constructora Pirenaica S.A (DUMEZ-COPISA), agora Copisa Constructora Pirenaica S.A. para responder do contrato de execución das obras do “Proxecto de reposición e adaptación do saneamento e drenaxe da Avda. de Lugo e do colector do cancelón ao seu paso baixo Renfe” . Expte.: OBR 1778 – 20/96.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local de data 19/10/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 07/11/2022, relativo a Cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa Dumez, Constructora Pirenaica S.A (DUMEZCOPISA), agora Copisa Constructora Pirenaica S.A. para responder do contrato de execución das obras do “Proxecto de Reposición e adaptación do saneamento e drenaxe da Avda. De Lugo e do colector do Cancelón ó seu paso baixo Renfe” de xeito que :

Onde di:

2. *Para responder das obrigas derivadas deste contrato o adxudicatario en concepto de fianza definitiva, formalizou aval por importe de 2.389.034 ptas (14.358,38 €) contratista depositou na Tesourería Municipal o importe de 1.750,00 € en concepto de fianza definitiva.*

Debe dicir:

2. Para responder das obrigas derivadas deste contrato o adxudicatario en concepto de fianza definitiva, constituuiu aval na Tesourería Municipal por importe de 2.389.034 ptas (14.358,38 €).

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021838T.**

**Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020).**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras para a ampliación da rede de abastecemento en A Ponte Alvar (POS+ 2020)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de

referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019698E.**

**Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS+ 2017)”.**

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas parroquias de Aríns, Laraño e Sabugueira (POS+ 2017)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00026284F.**

**Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras do proxecto de rehabilitación "Aplicación de medidas correctoras para o Estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (Fase III) - Separata nº 1: reparación urxente torres de iluminación”.**

Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras do proxecto de rehabilitación "Aplicación de medidas correctoras para o Estadio de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías (Fase III) - Separata nº 1: reparación urxente torres de iluminación””, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 20/09/2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034603L.**

**Autorización cancelación do aval en concepto de garantía definitiva constituída pola empresa, TROBEIRO, S.L., para responder do contrato de “Xestión do Servizo de Escola municipal de Música de Santiago de Compostela . CON/46/2013**

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, TROBEIRO, S.L, por importe de 19.300 euros (Avalista: ABANCA CORPORACION BANCARIA) para responder do contrato de “Xestión do Servizo de Escola municipal de Música de Santiago de Compostela”.

**18. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/93/2020 - CON/8/2022.**

**Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de NOVOS ASEOS PÚBLICOS na avda. de Raxoi, en Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de NOVOS ASEOS PÚBLICOS na avda. de Raxoi emitida por IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L., por importe de **15.855,76 euros**.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

**19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/183/2020.**

**Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na rúa do Bidueiro (Vidán), en Santiago de Compostela.**

Acórdase:

Aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na rúa do Bidueiro (Vidán) emitida por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 15.306,40 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

**20. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/60/2016 - CON/7672020.**

**Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de URBANIZACIÓN DA ZONA LIBRE ZL-75 DA UA-11 PERI FONTIÑAS - COTAREDO, en Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de URBANIZACIÓN DA ZONA LIBRE ZL-75 DA UA-11 PERI FONTIÑAS – COTAREDO emitida por EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 13.484,12 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

**21. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00045350W.**

**Aprobación inicial da subvención solicitada polas persoas que conforman a C.PP. Vila de Noia 5 correspondente á convocatoria por parte do concello de Santiago de Compostela de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5 de agosto de 2019 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021 de data 26 de outubro de 2018, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do barrio de Vista Alegre FASE 9.**

Acórdase

1. Denegar a axuda pública solicitada por incumprimento dos requisitos exixidos a unha das solitudes.
2. Non conceder a axuda pública solicitada, por desistencia dunha das persoas interesadas.
3. Aprobar inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2019/2/VISAL/9, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación do edificio en Vila de Noia 5, en favor de 18 beneficiarios, por un importe total de 74.355,13 euros.

**22. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable S/2022/236 de facturas do servizo de mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” da cantidade de 35.392,50 euros pola realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca nos meses de maio, xuño e xullo do ano 2022. (Relación contable S/2022/236).**

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2022, por importe de 35.392,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e cinco mil trescentos noventa e dous con cincuenta céntimos (35.392,50) a favor de "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.", imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000. do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

**23. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/324.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (11) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre abril e setembro de 2022**

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL DOUSCENTO SETENTA E TRES EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (5.273,70 €), segundo relación contable de facturas S/2022/324 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3062 por un importe de 465,34 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. e remata pola factura número F/2022/4855 por un importe de 15,09 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.
- Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**24. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/317.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (28) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a setembro de 2022**

acordos:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRECE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (13.357,57 €), segundo relación contable de facturas S/2022/317 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2926 por importe de 351,80 euros emitida pola empresa Ascensores Enor, S.L. e remata pola número F/2022/5006 por importe de 560,47 euros emitida pola empresa Zardoya Otis, S.A.
- Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.



**25. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/271.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/271 con trinta e dúas (32) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 4.612,43euros, e que comeza pola número F/2022/2843 por importe de 140,61 euros, emitida por SOLITIUM SL e finaliza pola número F/2022/4086 por importe de 196,24 euros, emitida por SOLITIUM SL en concepto de servizo de copadoras en disitntas dependencias municipais correspondente a varios períodos entre abril e agosto de 2022.**

acordos:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/271 con trinta e dúas (32) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 4.612,43euros, e que comeza pola número F/2022/2843 por importe de 140,61 euros, emitida por SOLITIUM SL e finaliza pola número F/2022/4086 por importe de 196,24 euros, emitida por SOLITIUM SL en concepto de servizo de copadoras en disitntas dependencias municipais correspondente a varios períodos entre abril e agosto de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**26. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/275.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable s/2022/275 con catorce (14) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.087,03 euros, e que comeza pola número F/2022/4087 por importe de 81,52 euros, emitida por SOLITIM SL e finaliza pola número F/2022/4497 por importe de 26,49 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de copadoras en distintas dependencias municipais correspondente ao período entre maio e agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas s/2022/275 con catorce (14) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.087,03 euros, e que comeza pola número f/2022/4087 por importe de 81,52 euros, emitida por solitim sl e finaliza pola número f/2022/4497 por importe de 26,49 euros, emitida por ricoh españa sl u en concepto de varios servizos de copadoras en distintas dependencias municipais correspondente ao período entre maio e agosto de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**27. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/282.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/282 con once (11) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.380,51 euros, e que comeza pola número F/2022/3807 por importe de 85,91 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU e finaliza pola número F/2022/4203 por importe de 80,67 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de servizo de copiatoras varias dependencias municipais correspondente entre xullo e agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/282 con once (11) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.380,51 euros, e que comeza pola número F/2022/3807 por importe de 85,91 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU e finaliza pola número F/2022/4203 por importe de 80,67 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de servizo de copiatoras varias dependencias municipais correspondente entre xullo e agosto de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**28. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/290.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/290 con tres (3) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.559,23 euros, e que comeza pola número F/2022/4095 por importe de 77,56 euros, emitida por SOLITIUM SL e finaliza pola número F/2022/4498 por importe de 29,67 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de mantemento de copiatoras en varias dependencias municipais correspondente entre xullo e agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/290 con tres (3) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 1.559,23 euros, e que comeza pola número F/2022/4095 por importe de 77,56 euros, emitida por SOLITIUM SL e finaliza pola número F/2022/4498 por importe de 29,67 euros, emitida por RICOH ESPAÑA SLU en concepto de varios servizos de mantemento de copiatoras en varias dependencias municipais correspondente entre xullo e agosto de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**29. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/298.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/298 con catro (4) facturas expedidas por SOLITIUM S.L. por importe total de 2.229,37 euros e que comeza pola número F/2022/4096 por importe de 6,46 euros e finaliza pola número F/2022/4291 por importe de 740,97 euros en concepto de servizo de copiatoras en distintas dependencias municipais entre xuño e agosto de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.  
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/298 con catro (4) facturas expedidas por SOLITIUM S.L. por importe total de 2.229,37 euros e que comeza pola número F/2022/4096 por importe de 6,46 euros e finaliza pola número F/2022/4291 por importe de 740,97 euros en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais entre xuño e agosto de 2022.  
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **30. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1529/2022.**

**Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/4737 por importe total de 1.308,57 euros emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU, en concepto de servizo cloud correspondente ao mes de setembro de 2022.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.  
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS 1.308,57 euros emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU, en concepto de servizo cloud correspondente ao mes de setembro de 2022  
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11

### **31. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00051134J.**

**Compromiso do Concello de Santiago de Compostela coa iniciativa SLOWLIGHT e a sinatura da súa acta institucional.**

Acórdase o compromiso do Concello de Santiago de Compostela coa iniciativa SLOWLIGHT e a sinatura da súa acta institucional.

A iniciativa SLOWLIGHT persegue obter mellores contornas a través da luz, tanto no ámbito urbano como rural, mediante a creación de espazos nocturnos en harmonía, nos que a noite recupera protagonismo, a través dunha iluminación acougada, entendida como aquela que “se achega mediante unha luz equilibrada e axustada ás necesidades mínimas”, intelixente, saudable, sostible, confortable e emocional, onde tanto a luz como a escuridade son protagonistas no deseño técnico da escena nocturna.

Esta interesante iniciativa, xestiónase desde a Asociación Slowlight, co obxecto de ofrecer á cidadanía:

- Información simple, sinxela, útil, sobre as vantaxes e inconvenientes do uso responsable e seguro da luz artificial, e do uso irresponsable da mesma; sobre o seu impacto na nosa saúde e estado de ánimo, e sobre o seu impacto no Medio Ambiente.
- Información sobre iluminación e percepción de seguridade, orientada a subliñar a importancia dunha “mellor iluminación” como garantía de seguridade, evitando a crenza equívoca de que a sobre-iluminación mellora a seguridade e observando que non achega ningún beneficio adicional e, pola contra, xera multitude de efectos adversos.
- Proxecto denominado “Aula Slowlight de información cidadá”, sobre o uso responsable e saudable da iluminación nos fogares e no espazo urbano, mellorando a comprensión do problema da Contaminación Lumínica e a degradación da noite - Información web - [www.slowlight.es](http://www.slowlight.es) - e información accesible a través dunha “etiqueta-QR-Slowlight de uso responsable”

incorporada en orixe polos fabricantes interesados en participar no proxecto.

Slowlight pretende reconciliar á persoa coa Noite, achegando unha nova visión á súa conciencia ambiental e reflexión crítica, propoñendo un cambio significativo na sociedade cara a obxectivos ODS e mobilizando a acción responsable cara ao deseño da paisaxe nocturna a diferentes escalas, contemplando a natureza e o territorio como factores clave de sustentabilidade, para obter mellores lugares a través da luz.

Actualmente o Concello de Santiago está a desenvolver políticas que persiguen iluminar dun modo responsable utilizando a luz de forma segura, saudable, emocional, confortable e eficiente. Iluminación responsable é hoxe innovación, ecodiseño, circularidade, eficiencia, durabilidade, reemplazabilidade, dixitalización, intelixencia e conectividade, polo que a presenza nos foros onde se avanza nestas liñas é indispensable para unha cidade como Santiago de Compostela.

A estos efectos, considerase moi oportuno comprometerse coa iniciativa SLOWLIGHT, que nos permitirá establecer unha liña de colaboración estratéxica coa Asociación SLOWLIGHT para visibilizar o problema da contaminación lumínica, transmitir á cidadanía a importancia do uso responsable da iluminación artificial e dispor dun motor de coñecemento coas ferramentas técnicas e administrativas aplicables á xestión de redes de iluminación

### **32. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2021/00043131H.**

**Aprobación da tramitación do reintegro da parte non executada da axuda ao abeiro da convocatoria de axudas do PRTR para a elaboración de proxectos pilotos da Axenda Urbana Española.**

Apróbase:

1. A aprobación da tramitación do reintegro da parte non executada da axuda ao abeiro da Convocatoria de Axudas do PRTR para a Elaboración de Proxectos Piloto da Axenda Urbana Española, sendo preciso proceder por unha parte ao Reintegro do principal da axuda recibida por importe de 21.902,83 € e por outra parte ao reintegro dos xuros de demora que proceden polo principal non executado por importe de 616,58€.

2. Dar traslado ao Departamento de Servizos Económicos deste acordó para proceder á tramitación do pagamento do reintegro aprobado.

### **33. EDUCACIÓN. Referencia: NOMEAMENTO REPRESENTANTE CONSELLOS ESCOLARES.**

**Aprobación da modificación de cambio de representante do grupo municipal Compostela Aberta nos consellos escolares de centro.**

Acórdase:

Primeiro. Designar á concelleira do Grupo Municipal Compostela Aberta dona María Rozas Pérez como representante dese grupo político nos centros educativos que se indican e deixando sen efecto as designacións anteriores:

CEIP Rodríguez Xixirei

Escola rural Gaioso Eixo

Segundo. Comunicar este acordo aos centros educativos referidos para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

### **34. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00057463K.**

**Nomeamento do traballador municipal J. R. S. D. como intendente da Policía Local subgrupo A1, nivel 28.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J. R. S. D. como intendente da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, subgrupo A1, nivel 28.

Segundo.- Proceder á toma de posesión do funcionario J. R. S. D. na praza de intendente da Policía Local con efectos económicos e administrativos desta mesma data posterior ao Acordo de Xunta de Goberno Local

**35. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00057466R.**

**Nomeamento de J. M. Á. L. como inspector principal da Policía Local subgrupo A2, nivel 22.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar as actuacións levadas a cabo polo Servizo de Recursos Humanos e Avaliación con omisión de fiscalización previa, anteriores á proposta de resolución de nomeamento de J. M. Á. L. como inspector principal da Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, praza encadrada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, subgrupo A2, nivel 22.

Segundo.- Proceder á toma de posesión do funcionario J. M. Á. L. na praza de inspector principal da Policía Local con efectos económicos e administrativos desta mesma data posterior ao Acordo de Xunta de Goberno Local

**36. DEPORTES. Referencia: 2022/00043888N.**

**Dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo, ano 2022.**

Tómase coñecemento da sinatura, o 4 de novembro de 2022, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación Galega de Atletismo, ano 2022.

**37. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00007725F.**

**Dación de sentenza recaída no recurso de apelación num. 322/2022 do PA 107/2020 CA1.**

Dase conta da Sentenza 841/2022 do TSXG Con/Ad sec.1. Procedemento: AP 322/2022  
Obxecto: Sentenza do xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 desestimatoria do recurso contencioso contra decreto do 20.12.2019 sobre contía do incentivo de xubilación. A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais, pois confirma a sentenza de instancia, que declarou correcto o incentivo de xubilación de 8 mensualidades recoñecido ao agora apelante, e desestimou o recurso por éste interposto na súa totalidade.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación perante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou perante a Sala correspondente do TSXG, sempre que se acredite interese casacional. As custas impóñense ao apelante na suma máxima de 1.000 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento persoal para os efectos do seu coñecemento.

**38. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00051637X.**

**Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 173/2021 do CA2.**

Dase conta da Sentenza 208/2022, do 29.09.2022, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 173/2021

Obxecto: Resolución 2021/1797 da Concelleira Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, de data 2.03.2021, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra a previa Resolución 2020/8370, do 25.11.2020, pola que se lle denega a demandante a axuda social en concepto de gastos de familiar ao cargo con discapacidade.

A resolución é FAVORABLE, ao desestimar totalmente o recurso contencioso-administrativo interposto de contrario.

A sentenza considera, consonte o criterio municipal, que a demandante non pode ser perceptora da axuda de familiar a cargo na medida na que o dito familiar faise cargo á súa vez dunha terceira persoa, respecto de quen exerce a patria potestade e por quen percibe outra achega económica.

A sentenza, que era susceptible de recurso de apelación, foi declarada firme mediante dilixencia de ordenación do 28.10.2022, a non terse recorrida pola parte demandante.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Persoal aos efectos oportunos.

### **39. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00051708N.**

#### **Dar conta da sentenza núm. 385/2022 recaída no PO 97/2022 CA1.**

Dase conta da Sentenza 385/2022, do 5.11.2022, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 97/2022

Demandante: ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA

Obxecto: Acordo da XGL do 31.01.2022, desestimatorio do recurso de reposición presentado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia contra o Acordo da XGL de data 21.11.2021, polo que se acorda conceder a CARBURANTES LUGO, SL licenza de obras para edificio comercial e unidade de subministración de carburantes desatendida no Paseo Esvedro-Paseo de Amaia, parcela Z-2A do SUNP- 29 de Brandía, segundo o proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 9.07.2020 e anexo con data de rexistro de 9.02.2021, cun orzamento de execución material de 246.588,06 euros.

A resolución é DESFAVORABLE, ao estimar integramente o recurso contencioso-administrativo interposto. O fallo da sentenza declara a non conformidade a dereito da licenza de obras e condena ao Concello a ordenar o cese das obras e/ou actividade, e proceder á demolición do edificado, construído e instalado ilegalmente.

O único motivo de anulación esgrimido pola parte recorrente era a falta de habilitación profesional do autor do proxecto de obras, ao entender que debía ser un enxeñeiro industrial e non un arquitecto o redactor do dito proxecto.

Esta cuestión foi alegada no expediente administrativo polo dito colexio profesional así como pola Asociación Provincial de Estaciones de Servicio de A Coruña nos respectivos escritos de alegacións de datas e 22.06.2021 e 27.07.2021.

Na proposta de resolución de data 17.11.2021 remitida á XGL infórmase esta cuestión no sentido de entender a competencia do arquitecto superior como *“xeral ou universal, que non necesita de acreditación específica para redactar proxectos e dirección de obras edificatorias destinadas a calquera uso”*, polo que *“poden redactar o proxecto de calquer [sic] edificación que vaia a albergar unha industria ou incluso unha estación de servizo”*. De igual xeito, considera a proposta —e a resolución de concesión da licenza— que, consonte ao artigo 2.3 da Lei de Ordenación da Edificación, quen ten competencia para redactar o proxecto do edificio principal tamén a ten para as instalacións deste e para o seu equipamento propio.

A defensa do Concello, seguindo o criterio da vía administrativa, abundou neste aspecto da accesoriade da unidade de subministración de combustible aludindo á superficie e orzamento desta instalación en relación co total do proxecto para tratar de xustificar a habilitación do arquitecto proxectista, tendo especialmente en conta que a devandita competencia universal non é admitida pola doutrina xurisprudencial máis recente.

No entanto, a sentenza rexeita esta subordinación da instalación de carburante á edificación comercial ao entender que “...*el proyecto actual vino precedido de un proyecto inicial diseñado por arquitecto que se limitaba a la construcción de una estación de suministro de combustible, sin más. (...) De hecho, en lo referente al diseño de la estación de servicio no consta alteración significativa alguna entre uno y otro proyecto, y prueba de ello es que no se ha vuelto a instar una nueva declaración de impacto ambiental en relación con el nuevo proyecto, lo que nos indica que no estaríamos ante una simple relación de accesoriade, sino de autonomía propia en lo que respecta a la merecida estación de servicio*”.

En consecuencia, con fundamento na recente STSX de Galicia do 27.06.2022 (rec.4026/2022), na que se cita, ente outras, a STS do 15.11.2021 (rec. 6706/2020), entende que a instalación da unidade de subministración de combustible para vehículos debeu contar cun proxecto asinado por enxeñeiro industrial, sendo procedente a anulación da licenza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir á Dirección de Área de Urbanismo – Licenzas para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

#### **40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037548C.**

##### **Dar conta de resolución xudicial recaída no PA 77/2020 CA1.**

Dase conta da resolución: 279/2022. Procedemento Abreviado 77/2020 CA 1

Demandante: Residencial Sar SCGV

Obxecto: Contra resolución do 10.12.2019 que estima en parte recurso de reposición contra decreto de 28.06.2019 desestimatorio das alegacións á acta de disconformidade presentadas respecto de liquidacións complementarias de taxas polo outorgamento de licenzas urbanísticas e intereses de demora (expediente de inspección 66/2018/002)

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, e sen a claridade que sería desexable, *rectificado erro por Auto do 27.10.2022*-estima o recurso e declara que o concello deberá determinar a base impoñible con exclusión dos gastos xerais e o beneficio industrial correspondentes a “Construnor” á vista das facturas emitidas e a determinar en execución de sentenza.

Contra a sentenza non cabe recurso ningún. As custas impóñense ao concello cun límite de 400 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento Inspección tributaria para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza

**41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00051355G.**

**Dar conta do Auto núm. 118/2022, recaído no PO 254/2022 CA2.**

Dase conta da Resolución: Auto nº 118/2022 do 28.10.2022

Xulgado: XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO Nº 2 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000254 /2022

Obxecto: Resolución do Concello de Goberno do Concello de Santiago de Compostela de data 29 de novembro de 2021 (do expediente EXP/16/2015), Plan Especial de Protección Arqueolóxica da Rocha (PE-7R).

O auto que é firme - *segundo Dilixencia de ordenación do 14.11.2022* - declara a caducidade do recurso contencioso-administrativo interposto polas persoas demandantes, xa que non presentaron a demanda en tempo e forma, e a conseguinte terminación do procedemento e o seu arquivo.

O obxecto do procedemento era a impugnación da inadmisión do escrito efectuado polos demandantes en data 25.02.2021 no cal se solicitaba:

- 1.- A incorporación ao expediente expropiatorio de varias parcelas situadas dentro do ámbito do Plan Especial de Protección Arqueolóxica da Rocha (PE-7R)
- 2.- A impugnación por vía indirecta do Plan Especial de Protección Arqueolóxica da Rocha (PE-7R) TM Santiago de Compostela.

Contra o Auto, que é firme, non cabe recurso.

Acordáse:

1. Tomar coñecemento do Auto.
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo - Expropiacións para o seu coñecemento.

**42. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00051747M.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 11 ao 17 de novembro de 2022.

**URXENCIAS**

**43. OFI F/4792/2022 CANON MAIO (1-23) URBASER SA**

Acórdase

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de MAIO (do 1 ao 23) de 2022.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 491.657,67 euros, correspondentes á factura F/2022/4792, expedida por URBASER S.A.

3. Importe total da prestación realizada: 491.657,67 euros, que se imputarán ás aplicación orzamentarias:

☒ 225.621,71 euros á aplicación 2022 020 16210 2270000

☒ 266.035,96 euros á aplicación 2022 020 16210 2270800

**44. Validación omisión función interventora relación contable de facturas S/2022/318**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL TRESCENTOS SEIS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (3.306,93 €), segundo relación contable de facturas S/2022/318 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3569 por importe de 241,03 euros e remata pola



número F/2022/4568 por importe de 3.065,90 euros, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **45. Validación omisión función interventora relación contable de facturas S/2022/334**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL NOVECIENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (1.979,07 €), segundo relación contable de facturas S/2022/334 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/4631 por importe de 792,72 euros emitida pola empresa Orona S. Coop., e remata pola número F/2022/5046 por importe de 625,88 euros emitida pola empresa Zardoya Otis, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

#### **46. Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución das obras de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela.**

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de de rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela emitida por GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, SL, por importe de 24.947,90 euros. En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

#### **47. Aprobación do expediente “Subministración uniformidade 12 policías novo ingreso ofertas emprego público no ano 2022”.**

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración uniformidade 12 policías novo ingreso ofertas emprego público no ano 2022”, e abrir o procedemento Aberto de adxudicación ao abeiro do disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, establecendo:

Orzamento de licitación sen IVE: 32.588,43 euros.

IVE 21%: 6.843,57 euros.

Orzamento base de licitación co IVE: **39.432,00 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 39.432,00 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 2210400, dos orzamentos municipais para o ano 2022.

#### **48. Aprobación de prezos contraditorios no expediente “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI”.**

Aprobar os seguintes prezos contraditorios relativos á execución da obra *Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros*:

COD.	IMPORTE A EXECUTAR	COD.	IMPORTE PROXECTO
	O.E.M		O.E.M
PN01_9 905	23.808,63 €	04.16	13.798,38 €
		04.17	3.640,90 €
		04.18	9.780,45 €
		04.19	1.000,83 €
		04.20	3.640,90 €
Subtotal	23.808,63 €	Subtotal	31.861,46 €

#### **49. Adxudicación “Subministración do software GIS “ELA Small Government ESRI”.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Subministración do software GIS “ELA Small Government ESRI”*” á empresa ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES SL cunha oferta económica de 115.390,44 € (base imponible de 95.364,00 € e IVE do 21% por importe de 20.026,44 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **115.390,44 €** con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 22799 02 coa seguinte desagregación por anualidades:

2022: 12.821,16 €

2023: 38.463,48 €

2024: 38.463,48 €

2025: 25.642,32 €

O gasto de exercicios futuros queda subordinado ao crédito que se consigne nos respectivos orzamentos de conformidade co disposto no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

#### **50. Adxudicación do contrato de Subministración de dúas motocicletas para a Policía Local á empresa Next Motorbike SL.**

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto a “*Subministración de dúas motocicletas para a Policía Local*”, á empresa a NEXT MOTORBIKE, SL por un importe total de **26.851,98 €** (Base imponible de 22.191,72 € máis IVE do 21% polo importe de 4.660,26 €) por ser único licitador admitido neste procedemento de adxudicación e cumprir os requisitos exixidos no PCAP para ser adxudicatario.

NEXT MOTORBIKE, SL, comprométese a ampliar o prazo de garantía nun ano sobre o mínimo legal.

- Comprometer un gasto por importe de 26.851,98 € con cargo á aplicación 060 13200 6240000 (Código de proxecto: 2021 2 VEHIP 30 1) dos orzamentos municipais de 2022.

**51. Devolución de fianza consituída pola empresa SWEET NOCTURNA S.L.N.E para responder do contrato de “Servizo de actuación de Caléxico nas Festas do Apóstolo 2022”.**

Autorízase a devolución da fianza definitiva constituída pola empresa, SWEET NOCTURNA S.L.N.E, por importe de 1.750 € para responder do contrato de “Servizo de actuación de Caléxico nas Festas do Apóstolo 2022”.

**52. Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Clube de Ximnasia Rítmica Viravolta para o ano 2022.**

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUBE DE XIMNASIA RÍTMICA VIRAVOLTA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **4.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890012 do orzamento municipal do ano 2022.

**53. Imposición de penalidades por demora na execución ao contratista da obra Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros”.- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.**

Acórdase:

Primeiro: Impoñer á UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, LCONSTRUCCIONES OREGA, SL (UTE CONCHEIROS 2, unha penalidade por importe de 31.217,34 € pola demora de 29 días no cumprimento dos prazos de execución do contrato das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".

Segundo: Ordenar que se notifique este acordo á UTE así coma ao Servizo de Obras e Proxectos, a Dirección Facultativa, á Intervención municipal e ao departamento de Tesourería municipal.

**54. Levantamento da suspensión do “Encargo medios propios a UNINOVA para a posta en marcha e seguimento do proxecto Plataforma loxística de distribución de mercancías no centro histórico de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Recuperación, Tranformación e Resiliencia, financiada polo Ministerio de Transporte, Movilidade e Axenda Urbana mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU”.**

**Acórdase:**

Primeiro: Corrixir o erro material que figura no apartado 2º do acordo, consonte o disposto artigo 109.2 da LCAP.

De modo que, onde dicía:

“A desagregación do gasto por anualidades é a seguinte:

a) Importes que corresponden ás prestacións a executar directamente por UNINOVA:

<b><u>ACTIVIDADES SEN IVE</u></b>		<i>Monto</i>
<i>Gabinete de gestión integral del proxecto</i>	<i>Costes directos</i>	<i>250.856,75</i>
	<i>Coste indirectos</i>	<i>25.085,68</i>
<b>TOTAL</b>		<b><i>275.942,43</i></b>

	ANO 2022 (sen IVE)	ANO 2023 (sen IVE)	ANO 2024 (sen IVE)	ANO 2025 (sen IVE)
Anualidade	45.839,06	91.678,13	91.678,13	46.747,12

[...]"

Debe dicir:

<b>ACTIVIDADES SEN IVE</b>		Monto
Gabinete de gestión integral del proyecto	Costes directos	250.856,75
	Coste indirectos	25.085,68
<b>TOTAL</b>		<b>275.942,43</b>

20

	ANO 2022 (sen IVE)	ANO 2023 (sen IVE)	ANO 2024 (sen IVE)	ANO 2025 (sen IVE)
Anualidade	45.839,06	91.678,13	91.678,13	46.747,11

[...]

**Segundo:** Levantar, de conformidade co disposto na base 29.4 de execución do orzamento municipal de 2022, a suspensión da eficacia do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela en sesión extraordinaria celebrada o 15 de xuño de 2022 polo que se lle encarga á Sociedade de Promoción de Iniciativas empresariais Innovadoras, SL (UNINNOVA), en tanto medio propio deste concello, a creación dun gabinete técnico de xestión integral para a prestación dos servizos necesarios para a posta en marcha e seguimento do proxecto Plataforma Loxística de distribución de mercadorías no centro histórico de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ( MITMA) mediante o Fondo europeo de Recuperación Next Generation EU.

**O orzamento máximo de gasto é de 469.524,43 €** de acordo coa seguinte desagregación:

a) Importes que corresponden ás prestacións a executar directamente por UNINNOVA:

<b>ACTIVIDADES SEN IVE</b>		<i>Monto</i>
<i>Gabinete de gestión integral del proyecto</i>	<i>Costes directos</i>	250.856,75
	<i>Coste indirectos</i>	25.085,68
<b>TOTAL</b>		<b>275.942,43</b>

	ANO 2022 (sen IVE)	ANO 2023 (sen IVE)	ANO 2024 (sen IVE)	ANO 2025 (sen IVE)
<i>Anualidade</i>	45.839,06	91.678,13	91.678,13	46.747,11

Esta operación non está suxeita a IVE segundo o establecido no artigo 7.8 da Lei 37/1992, de 28 dedecembro do Imposto sobre o Valor Engadido.

a) Importes máximos que corresponden a prestacións que poden ser obxecto de subcontratación

<b>ACTIVIDADES CON IVE</b>	<i>Monto (sen IVE)</i>	<i>IVE (21%)</i>	<i>TOTAL</i>
<i>Asistencia para a Recompilación e Análise de datos. Análise de demandas e necesidades</i>	90.000,00	18.900,00	108.900,00
<i>Asistencia técnica para proceso de participación e sensibilización</i>	70.000,00	14.700,00	84.700,00
<b>TOTAL</b>			<b>193.600,00</b>

21

	ANO 2022 (sen IVE)	ANO 2022 (con IVE)	ANO 2023 (sen IVE)	ANO 2023 (con IVE)	ANO 2024 (sen IVE)	ANO 2024 (con IVE)	ANO 2025 (sen IVE)	ANO 2025 (con IVE)
<i>Asistencia para a recompilación e análise de datos. Análise de demandas e necesidades</i>	90.000,00	<b>108.900,00</b>	00,00	<b>00,00</b>	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
<i>Asistencia técnica para procesos de participación e sensibilización</i>	35.000,00	<b>42.350,00</b>	35.000,00	<b>42.350,00</b>	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
		<b>151.250,00</b>		<b>42.350,00</b>		<b>0,00</b>		<b>0,00</b>

**Cuarto:** Autorizar e comprometer un gasto que se imputa á aplicación orzamentaria 050 33600 6220001 (código de proxecto: 2022 2NGPLA 26 2) na contía de 469.542,43 € para dar cobertura financeira a este encargo coa seguinte desagregación por anualidades

<b>ANO 2022</b>	<b>ANO 2023</b>	<b>ANO 2024</b>	<b>ANO 2025</b>	<b>TOTAL</b>
197.089,06 €	134.028,13 €	91.678,13 €	46.747,11 €	469.542,43 €